

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 24 de xaneiro de 2005

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D. José Manuel Figueroa Vila
Dª. Lucia Molares Pérez
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Antonio Coello Bufill
D. Ignacio López-Chaves Castro.
Dª. Soledad Polo Lima
D. José Manuel Couto Pérez
D. Carlos Comesaña Abalde

NON ASISTEN:

Dª. Corina Porro Martínez
D. Javier Jorge Guerra Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e quince minutos do día vinte e catro de dous mil cinco e baixo a presidencia do primeiro tenente de alcalde, Sr. Figueroa Vila, por ausencia da Excma. Sra. Alcaldesa, Dª. Corina Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa. Estan presentes, por invitación, o titular do órganio de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, a interventora, Sra. Guarner González, e o asesor xurídico, Sr. Rivas Romero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(31).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas das sesións do ordinarias do 27 e 30 de decembro e da sesión extraordinaria e urxente do 27 de decembro de 2004. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(32).- PROXECTO DE REGULAMENTO ORGÁNICO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 2376/320.

Sometido pola Alcaldía a acordo do Goberno municipal o proxecto de Regulamento Orgánico de Participación Cidadá do Concello de Vigo, e vistos os informes do xefe do Servizo de Participación Cidadá, do 12.01.05, e do secretario xeral do Pleno do 13.01.05, a Xunta de Goberno Local, de conformidade co sinalado no artigo 127.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, acorda:

Primeiro.- Aprobar como proxecto o Regulamento orgánico de Participación Cidadá.

Segundo.- Remitir o proxecto de Regulamento orgánico de Participación Cidadá e o expediente tramitado, no que consta a correspondente proposta, ao Pleno do Concello para a súa aprobación inicial, enmienda ou devolución previo informe do mesmo pola Comisión Informativa correspondente.

3(33).- BASES DO XLI CONCURSO-EXPOSICIÓN DA CAMELIA. EXPTE.8703/331

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 18.01.04, e de acordo co informe-proposta do técnico de actividades culturais do 18.01.04, conformado polo xefe do Departamento de Cultura e polo concelleiro da Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar as bases, que de seguido se transcriben, correspondentes ao XLI Concurso-exposición da Camelia, que se celebrará os días 26 e 27 de febreiro, nas instalacións do Consorcio da Zona Franca de Vigo, no peirao de Bouzas.

BASES DO XLI CONCURSO-EXPOSICIÓN A CAMELIA.

Primeira: O Concello de Vigo organiza “XLI CONCURSO EXPOSICIÓN DA CAMELIA”, que terá lugar os días 26 e 27 de febreiro de 2005, nas instalacións do Consorcio da Zona Franca de Vig (Peirao de Bouzas).

Segunda: Poderán concorrer todas as persoas interesadas na camelia, profesionais ou afeccionados, nacionais ou estranxeiros, persoas físicas ou xurídicas, sempre que realicen a súa inscrición segundo o previsto nas presentes bases.

Terceira: Poderán presentarse flores pertencentes a calquera variedade da camelia: xapónica, reticulata ou outras especies, así como calquera híbrido destas. Admitirase calquera forma de flor, dende a sinxela ata a dobre formal, e todas as formas intermedias.

Cuarta: Concederáselle o premio “CAMELIA DE OURO” ao/á concursante más destacado/a en todo o conxunto de variedades que presentase. A quien se lle outorgue este premio, non poderá optar a ningún dos demais premios previstos nestas bases.

Quinta.- Así mesmo, establécese o premio especial denominado “Antonio Odriozola”, que se outorgará á flor más destacada de todas as que optaren a este premio e que se exporá nunha mesa especial, en recipientes que facilitará a organización do evento. Cada concursante poderá presentar un máximo de cinco variedades, achegando unha só flor de cada unha delas; será requisito imprescindible que estean perfectamente identificadas co nome da especie e variedade á que pertencen.

Sexta: Concederánseles un primeiro e segundo premio aos mellores lotes de cada unha das modalidades seguintes:

- a) *Camelia xapónica branca.*
- b) *Camelia xapónica rosada ou doutras cores.*
- c) *Camelia xapónica vermella.*
- d) *Camelia xapónica xaspeada ou variegada.*
- e) *Camelia reticulata de cor uniforme (branca, rosada ou vermella).*

- f) *Camelia reticulata xaspeada ou variegada, e doutras cores.*
- g) *Camelia híbrida de cor uniforme (branca, rosada ou vermella).*
- h) *Camelia híbrida jaspeada ou variegada, e doutras cores.*
- i) *Outras especies de camelia sen diferenciación de cores.*
- l) *Mellor presentación artística das flores, soas ou acompañadas doutros obxectos e elementos decorativos, que se valorarán pola súa colocación artística.*

Co obxecto de que os premios sexan distribuídos entre un maior número de concursantes, establecécese que un mesmo concursante non poderá obter máis de dous premios dos establecidos na presente base sexta (si poderá optar aos premios “Antonio Odriozola” e ao concedido pola Asociación Española da Camelia), para o que o xurado seleccionará os dous lotes más sobresaíntes de entre os que presentase.

Os lotes que participen en calquera das modalidades indicadas nesta base deberán ser o más homoxéneos e representativos posibles da variedade á que pertenzan, e estarán formados por un mínimo de tres flores e un máximo de dez (salvo o caso das camelias pertencentes a outras especies, que poderán expoñerse sen limitación de número), e cando menos unha folla. Non obstante, en caso de igualdade entre varios lotes, o xurado decidirase en favor do lote formado por maior número de flores.

As únicas etiquetas que se poderán utilizar para indicar o nome das variedades serán as facilitadas pola organización; en caso de utilizar calquera outra, poderá ser motivo de descalificación; isto mesmo é válido para o nome do expositor.

Sétima: Convocarase, ademais, un concurso de escaparates no que poderán participar todos aqueles establecementos comerciais do termo municipal de Vigo que o desexen. O xurado valorará a creatividade, novidade e composición do escaparate decorado con calquera variedade da camelia. O xurado concederá un primeiro e un segundo premio.

Oitava: Establécese por último un premio especial concedido pola Asociación Española de Camelia ao/á concursante más destacado entre os que participen por primeira vez no certame organizado na cidade de Vigo, con independencia de que se presentase en calquera das outras dúas sedes do concurso.

Novena: A inscrición no concurso realizarase no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, dende o día seguinte á aprobación das presentes bases na Xunta de Goberno Local ata as 13,30 horas do día 18 de febreiro de 2005, nun impreso que se facilitará para este fin. Nesta inscrición deberá especificarse a modalidade ou modalidades na que se concursa e a superficie que se precisará para a súa exposición.

A superficie concedida a cada concursante quedará condicionada á orde de inscrición e en todo caso ás dimensións da sala de exposición.

Décima: Os/as concursantes presentarán os seus lotes de flores na sala da exposición entre as 09,00 e as 13,00 horas do sábado día 26 de febreiro, e poderán retiralos de 21,00 a 23,00 horas do domingo 27.

Pola súa banda, os comerciantes que participen no concurso de escaparates deberán ter a súa composición rematada antes das 12,00 do venres 25 de febreiro, momento no que o xurado comenzará o percorrido para a súa valoración.

Décimo primeira: A exposición inaugurarase o sábado 26 de febreiro ás 19,00 horas coa lectura do dictame do xurado do concurso, agás cambio decidido pola organización.

Décimo segunda: O xurado estará composto do seguinte xeito:

Presidente/a:

O concelleiro da Área de Asuntos Sociais ou persoa na que delegue.

Vocais:

- O concelleiro da Área de Servicios Xerais ou persoa na que delegue.
- Un representante designado pola Asociación Española da Camelia.
- Catro persoas de recoñecido prestixio vencelladas á camelia e que serán designadas polo Concello de Vigo. Entre estas persoas, poderase invitar a algúns concursantes premiados coa "Camelia de Ouro" en edicións anteriores.

Secretario:

Un técnico municipal do Concello de Vigo.

O xurado poderá declarar desertos algúns dos premios establecidos nas bases e poderán conceder mencións especiais por outros conceptos distintos aos sinalados. En caso de empate, decidirá o voto de calidade do/da presidente/a do xurado.

Décimo terceira: Os/as concursantes, polo simple feito de solicitaren a súa inscrición, coñecen e aceptan integralmente as bases do concurso e sométense ás decisións da organización e do xurado. O veredito do xurado será inapelable.

Décimo cuarta: O/a presidente/a do xurado queda facultado/a para interpretar as bases e resolver calquera incidencia que ao longo do proceso de convocatoria e resolución do concurso puidese producirse.

4(34).- AUTORIZACIÓN DE GASTO EN CUMPRIMENTO DO "CONVENIO ASINADO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A REAL FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO PARA A REVERSIÓN DA CESIÓN DO DEREITO DE SUPERFICIE DE USO DAS PISTAS DE ATLETISMO E INSTALACIÓNS ANEXAS DO POLÍGONO DE BALAÍDOS". EXPTE.5103-333

Examinadas as actuacións do expediente, visto o documento que accredita a existencia de saldo para o gasto que propón realizar e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 3.01.05, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvimento Local, a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar o gasto de 6.010 € para dar cumprimento o apartado 2º do convenio entre o Excmo. Concello de Vigo e a Real Federación Española de Atletismo, aprobada na sesión do primeiro de decembro de 1989, polo Pleno da Corporación, para facer efectivo o pago do devandito importe á Federación Galega de Atletismo-Delegación Local de Vigo emitirá factura regulamentaria o seu nome, aportando tódolos xustificantes derivados dos pagos efectuados por esta a terceiros, como consecuencia dos gastos de mantemento das pistas municipais de Balaídos neste periodo a favor do seguinte acreedor:

Delegación de Vigo da Federación Galega de Atletismo

CIF: G-15103500.

5(35).- CONTRATACIÓN DE PEÓNS E OFICIAIS DO PROGRAMA BIAL. EXPTE. 2980/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 20.01.05, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 18.01.05, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, que di o seguinte:

Con data 9 de agosto de 2004, a Xunta de Goberno Local aprobou as bases para a selección dos beneficiarios do Programa BIAL (exppte. 2467/077). O Programa BIAL (Brigadas de Inserción e Acción Local) é unha actuación incluída dentro do Plan municipal de emprego 2004-2007 (aprobado por unanimidade polo Pleno da Corporación na súa sesión de data 26/01/04), de financiamento exclusivamente municipal e que se quere poñer en marcha o antes posible. Como resultado da aplicación do procedemento descrito nas citadas bases, o equipo técnico de BIAL (encargado segundo as bases de realizar o proceso de selección) propón, e a Comisión Paritaria de Seguimento do "Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacóns realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007" ratificou segundo o establecido nas correspondentes actas de datas 01/12/04 e 03/01/05, os candidatos que considera máis adecuados para os postos de peóns e oficiais de BIAL. Nos casos nos que se produciron renuncias voluntarias (achéganse copias no expediente), realízanse as correspondentes sustitucións en base á orde de suplentes establecida.

No Orzamento municipal vixente existen as partidas 3220 1410000 ("Contratación fomento do emprego") e 3220 1600000 ("Seguridade social Contratacóns fomento do emprego") destinadas ás contratacóns de fomento do emprego en programas de financiamento municipal.

Por todo o exposto, o funcionario que subscribe propón á Xunta de Goberno Local que adopte a seguinte resolución:

- Aprobar o listado definitivo das persoas beneficiarias de BIAL, e suplentes, para a súa posterior e inmediata contratación, para desenvolver o Programa BIAL, como beneficiarios:

Nome dos traballadores

OFICIAIS (Categoría a aplicar do Acordo: Oficial)

Posto de traballo	Apelidos	Nome	DNI
Oficial albanel BIAL	Ramírez Docampo	Manuel	36.017.709 P
"	Spanu González	Salvatore	X1221462 R
"	Beiro Cerviño	Manuel	35.390.389 J
"	Pedreira González	Ramiro	35.953.768 F
"	Alonso Pazo	Amado	36.023.887 E
"	Covelo Pereira	Bruno	36.135.497 J
"	Rodríguez Presas	Julio	76.700.547 D
"	Álvarez López	Luís	76.689.099 S
"	Barreiro García	José Pedro	36.071.390 F
"	Otero Araujo	Gerardo Carlos	36.083.541 Z

<i>Oficial canteiro BIAL</i>	<i>Teixeira Gonçalves</i>	<i>Pedro Manuel</i>	<i>X 0542732R</i>
“	<i>Figueiras Regueira</i>	<i>Juan Carlos</i>	<i>14955874D</i>
<i>Oficial conductor BIAL</i>	<i>Rodríguez Pérez</i>	<i>Francisco Javier</i>	<i>76702059A</i>
“	<i>Souto Posada</i>	<i>Vicente Joaquín</i>	<i>36060175Q</i>
“	<i>Rodríguez Vaqueiro</i>	<i>Antonio</i>	<i>36138773T</i>
“	<i>Bugallo Rivas</i>	<i>José Edelmiro</i>	<i>35548744J</i>
“	<i>Domínguez González</i>	<i>Jorge Alberto</i>	<i>53176304M</i>
“	<i>Portela Calvar</i>	<i>José</i>	<i>35935018W</i>
<i>Oficial electricista BIAL</i>	<i>Rodríguez López</i>	<i>José Manuel</i>	<i>35241137P</i>
“	<i>Riveiro Brianes</i>	<i>Ramón</i>	<i>36069717J</i>
<i>Oficial ferreiro BIAL</i>	<i>Costas Domínguez</i>	<i>Adolfo</i>	<i>36019100L</i>
<i>Oficial fontaneiro BIAL</i>	<i>Blanco Álvarez</i>	<i>Angel</i>	<i>35997190M</i>
<i>Oficial xardineira BIAL</i>	<i>Lorenzo Bugarín</i>	<i>Olga</i>	<i>36053032A</i>

PEÓNS (Categoría a aplicar do Acordo: Peón)

<i>Posto de traballo</i>	<i>Apelidos</i>	<i>Nome</i>	<i>DNI</i>
<i>Peón BIAL</i>	<i>Alonso Rumbo</i>	<i>Mariela Cecilia</i>	<i>39458827G</i>
“	<i>Anjos Santos</i>	<i>José</i>	<i>X1660658N</i>
“	<i>Araújo Ledo</i>	<i>María José</i>	<i>34869688D</i>
“	<i>Avión Figueiroa</i>	<i>Ricardo</i>	<i>35989811D</i>
“	<i>Barrul Jiménez</i>	<i>Eufrasia</i>	<i>36107617D</i>
“	<i>Berna Perruca</i>	<i>Vicente Carlos</i>	<i>02185884X</i>
“	<i>Bernárdez Aneiros</i>	<i>Daniel</i>	<i>39454846W</i>
“	<i>Bernárdez Veiga</i>	<i>Ana Isabel</i>	<i>35302864 A</i>
“	<i>Bouzas Vidal</i>	<i>Helio</i>	<i>39464019K</i>
“	<i>Brañas Estévez</i>	<i>Pedro David</i>	<i>53190515W</i>
“	<i>Buenhaber Rodríguez</i>	<i>Bella Aminta</i>	<i>39457910F</i>
“	<i>Callejo Egurrola</i>	<i>Amaya</i>	<i>36093531E</i>
“	<i>Carrera Calvar</i>	<i>José Carlos</i>	<i>36031171S</i>
“	<i>Chayo Ejoa</i>	<i>José</i>	<i>X0069788Y</i>
“	<i>Comesaña Vila</i>	<i>Araceli</i>	<i>36137213G</i>
“	<i>Cordeiro Fernández</i>	<i>Lorena María</i>	<i>53184080F</i>
“	<i>Covelo Pereira</i>	<i>María Begoña</i>	<i>36049297V</i>
“	<i>De Vicente Díaz</i>	<i>Ana María</i>	<i>36106795S</i>
“	<i>Díez Lorenzo</i>	<i>Adrián</i>	<i>36112937Q</i>
“	<i>Domínguez García</i>	<i>Ana María</i>	<i>36055220Y</i>
“	<i>Dos Santos</i>	<i>Albertino</i>	<i>X0733867Y</i>
“	<i>Eiras Dalmeida</i>	<i>Santiago Manuel</i>	<i>36023706W</i>
“	<i>Fernández Caballero</i>	<i>María de la Salud</i>	<i>36105101T</i>
“	<i>Fernández Fernández</i>	<i>Adela</i>	<i>33845180J</i>
“	<i>Fernández Lameira</i>	<i>María Fátima</i>	<i>35546646P</i>
“	<i>Fernández Requejo</i>	<i>Patricia</i>	<i>36139881G</i>
“	<i>Gabarris Monteiro</i>	<i>Adolfo</i>	<i>32687147F</i>
“	<i>González Estévez</i>	<i>María Araceli</i>	<i>36057771G</i>

“	González Ferreira	Ana María	30647061K
“	González Gómez	Vicente	36033759G
“	Gorrita Tilve	Ana María	36087895K
Peón BIAL	López Rondán	Emilia Graciela	39460744N
“	Martínez Fernández	Ángeles	35559435D
“	Méndez Simón	Jaime Manuel	53189710W
“	Moldes Cancelas	Berta	76811093V
“	Montoya Giménez	María Jesús	53183605S
“	Otero Simón	María Dolores	36038267G
“	Padín Costas	María Soledad	76811294D
“	Parra Párraga	María Gemma	07966230L
“	Pereira Cordeiro	Ignacio	36132267 A
“	Pereira de Freitas	Manuel	X1602123N
“	Pereira Ogando	Manuel	36023587K
“	Pérez Castejón	Ramón Jorge	35300830Q
“	Pérez Dacosta	Antía	36155199G
“	Pérez López	María José	36094148H
“	Pérez Navarro	Josefa	36016604F
“	Pérez Rial	Josefa	36088082R
“	Pinto Ramos	Natalie	39459312Y
“	Piñeiro Alejandro	Ernesto Miguel	35977495K
“	Puime Núñez	Francisco Javier	36121390M
“	Reboreda Penedo	María del Pilar	35991415 A
“	Rodrígues Martíns	Verónica Edite	X2760902M
“	Rodríguez Fernández	María José	36080948C
“	Rodríguez González	Sonia	77002646 A
“	Rodríguez Rodríguez	Milagros	36053783H
“	Sanjorge Ruibal	Carmen	35274069G
“	Sanromán Hortas	Jesús	36149670H
“	Santos Osuna	María José	53175752M
“	Schwab Martínez	Miguel	36167428C
“	Silveira Álvarez	Lilian Lourdes	X5047403F
“	Suárez Gómez	María del Carmen	36001162K
“	Tornal Couto	Nuria	36119627J
“	Torrón Molares	Beatriz	36151274N
“	Ubeira Lorenzo	Purificación	34869274D
“	Vázquez Comesaña	María Elena	36023111M
“	Vázquez Domínguez	María Elvira	36073639W
“	Vilas Aguilera	María Teresa	36112919K
“	Vilas Aguilera	Pilar	36112918C
“	Villar Álvarez	María Gloria	36107225P
“	Viñán Cuve	Ana Lucía	X3407181F

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

6(36).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AO SERVIZO GALEGO DE IGUALDADE PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DESTINADOS Á PROMOCIÓN DA MULLER. EXPTE.1960/224.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica da Oficina da Muller, do 13.01.05, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local-Muller, a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar a solicitude de subvención ao abeiro da resolución do 15 de decembro de 2004, pola que se convocan axudas e subvencións a entidades locais e a entidades de iniciativa social para o desenvolvemento de programas destinados á promoción da muller ó Servicio Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado da Xunta de Galicia, por un importe de 601.577,28.- Euros, desglosado do seguinte xeito:

- Departamento da Muller (Oficina da Muller e Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller).....131.097,48.- Euros
- Casa de Acollida de Mulleres e Piso tutelado:.....138.494,65.- Euros
- Servicio de Atención Domiciliaria da Infancia/Canguros.....121.408,65.- Euros
- Programa cursos “O Noso Tempo”.....86.151,82.- Euros
- Plan Municipal contra a violencia de xénero..... 66.111,33.- Euros
- II Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades..... 12.020,24.- Euros
- Bolsa de axuda económica para a saída das mulleres da Casa de Acollida..... 18.030,36.- Euros
- Beca de estudios sobre a violencia de xénero.....7.212,15.- Euros
- Cursos de autoestima.....3.020,24.- Euros
- Actividades conmemoración “8 de marzo”6.010,12.- Euros
- xornadas de mulleres do movemento vecinal.....12.020,24.- Euros

TOTAL: 601.577,28.- Euros

7(37).- RECLAMACIÓN DE DANOS:

A)MAPFRE MUTUALIDAD. RESPONSABILIDADE UTE AQUALIA-FCC
S.A.EXPTE.13981/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 21.10.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, en relación coa reclamación presentada por Mapfre Mutualidad por danos sofridos no vehículo do seu asegurado, D. Pablo Francisco Justel Nandín, producidos ao saltarlle dúas pedras contra a luneta traseira como consecuencia da rotura dunha tubería de auga; visto o informe favorable do Consello Consultivo de

Galicia, de data 16.12.04, e de acordo co informe-proposta da devandita técnica, do 23.12.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Mapfre Mutualidad polos danos materiais sufridos polo vehículo Opel Kadet B-8045-JY do seu asegurado Don Pablo Francisco Justel Nandin.

2º.- Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde a UTE Aqualia-FCC S.A., empresa concesionaria do servicio municipal de augas , de conformidade co establecido na cláusula 26 do prego de condicions da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar ó reclamante na contía de 271, 93 €.

3º.- Comunicar o acordo ao secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e aos efectos do previsto no artigo (33-l-i) do devandito Regulamento.

B)BELARMINO ALONSO COMESAÑA. RESPONSABILIDADE FCC S.A EXPTE.15838/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 20.10.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, en relación coa reclamación presentada por D. Belarmino Alonso Comesaña por danos producidos no seu vehículo ao salirse da calzada a consecuencia dunha mancha de gasoil na calzada; visto o informe favorable do Consello Consultivo de Galicia, de data 16.12.04, e de acordo co informe-proposta da devandita técnica, do 4.1.05, conformado polo xefe de Réxime Interior, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Estimar a reclamación de Don Belarmino Alonso Comesaña.

2º.-Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde Fomento de Construcciones y Contratas S.A., empresa concesionaria do servicio de limpeza viaria, de conformidade co establecido na claúsula XXI do prego de condicions da concesión administrativa do servizo de limpeza, debendo a dita empresa indemnizar ao reclamante na contía de 210,35 €.

3º.- Comunicar o acuerdo ao secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e aos efectos do previsto no artigo (33-l-i) do devandito Regulamento.

C) RAÚL POZO COLLADO. DESESTIMADA. EXPTE.15506/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 15.10.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, en relación coa reclamación presentada por D. Raúl Pozo Collado por danos persoais producidos ao meter un pé nin

alcorque que estaba baleiro; visto o informe favorable do Consello Consultivo de Galicia, de data 2.12.04, e de acordo co informe-proposta da devandita técnica, do 4.1.05, conformado polo xefe de Réxime Interior, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Desestimar a reclamación de D. Raúl Pozo Collado por non corresponder ao Concello de Vigo responsabilidade patrimonial por non resultar probado o dano.

2º.- Comunicar o acordo ao secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e aos efectos do previsto no artigo (33-l-i) do devandito Regulamento.

D) JORGE BUCETA PERÉZ. RESPONSABILIDADE UTE AQUALIA-FCC S.A
EXPTE.14605/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 22.10.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, en relación coa reclamación presentada por D. Jorge Buceta Pérez por danos producidos no seu vehículo ao pisar coa roda traseira unha arqueta de Seragua desprazada; visto o informe favorable do Consello Consultivo de Galicia, de data 16.12.04, e de acuerdo co informe-proposta da devandita técnica, do 4.1.05, conformado polo xefe de Réxime Interior, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Estimar a reclamación de Don Jorge Buceta Pérez.

2º.- Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde a Aqualia-FCC, S.A. , empresa concesionaria do servicio municipal de augas , de conformidade co establecido na cláusula 26 do prego de condicions da concesión administrativa do servicio de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar ó reclamante na contía de 108, 27 € .

3º.- Comunicar o acordo ao secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e aos efectos do previsto no artigo (33-l-i) do devandito Regulamento.

E) JOSÉ ALVAREZ PEREIRA. DESESTIMADA. EXPTE.230/243.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 18.11.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, en relación coa reclamación presentada por D. José Alvarez Pereira por danos persoais producidos por mor dunha caída ao tropezar cunha lousa rota e levantada; visto o informe favorable do Consello Consultivo de Galicia, de data 2.12.04, e de acuerdo co informe-proposta da devandita técnica, do 4.1.05, conformado polo xefe de Réxime Interior, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Desestimar a reclamación de Don José Alvarez Pereira, por non corresponder ao Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos ó non resultaren probados nin os feitos nin a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público deste Concello.

2º.- Comunicar o acordo ao secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e aos efectos do previsto no artigo (33-l-i) do devandito Regulamento.

F) MERCEDES RODAL PIÑEIRO. DESESTIMADA. EXPTE.166/243.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 17.11.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, en relación coa reclamación presentada por Dª. Mercedes Rodal Piñeiro por danos persoais producidos por mor dunha caída a consecuencia do mal estado da beirarrúa da Avda. Castelao á altura dos nº 12 e 14; visto o informe favorable do Consello Consultivo de Galicia, de data 2.12.04, e de acordo co informe-proposta da devandita técnica, do 4.1.05, conformado polo xefe de Réxime Interior, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Desestimar a reclamación de Dona Mercedes Rodal Piñeiro, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos ó non resultaren probados nin os feitos nin a súa conexión causal co funcionamento de ningún servizo público deste Concello.

2º.- Comunicar o acuerdo ao secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e aos efectos do previsto no artigo (33-l-i) do devandito Regulamento.

G) GUADALUPE DORNA ALBA. DESESTIMADA. EXPTE.161/243.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 25.11.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, en relación coa reclamación presentada por Dª. Guadalupe Dorna Alba por danos producidos no seu vehículo ao ser desprazado polo guindastre dente o Calexón do Vixo á rúa Aragón; visto o informe favorable do Consello Consultivo de Galicia, de data 22.12.04, e de acordo co informe-proposta da devandita técnica, do 4.1.05, conformado polo xefe de Réxime Interior, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Desestimar a reclamación de Dona Guadalupe Dorna Alba por non corresponder ó Concello de Vigo responsabilidade patrimonial por non resultar probado o dano.

2º.- Comunicar o acuerdo ao secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e aos efectos do previsto no artigo (33-l-i) do devandito Regulamento.

H) M^a ANGELES LÓPEZ ROCHELA. RESPONSABILIDADE UTE AQUALIA-FCC S.A.
EXPTE.15128/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 12.11.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, en relación coa reclamación presentada por D^a. M^a Angeles López Rochela por danos persoais producidos por mor dunha caída sofrida en Canadelo Baixo á altura do nº 2 debido a unha toma de auga que hai en medio da beirarrúa e que está por baixo do nivel da mesma; visto o informe desfavorable do Consello Consultivo de Galicia, de data 22.12.04, e de acordo co informe-proposta da devandita técnica, do 4.1.05, conformado polo xefe de Réxime Interior, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dona M^a Angeles López Rochela.

2º.- Comunicar o acordo ao secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e aos efectos do previsto no artigo (33-l-i) do devandito Regulamento.

I) ENRIQUE VIÑAS ROMERO. DESESTIMADA. EXPTE.15105/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 10.11.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, en relación coa reclamación presentada por D. Enrique Viñas Romero por danos persoais producidos por unha caída sofrida na rúa Purificación Saavedra á altura do nº 11 por mor dunhas losetas rotas; visto o informe favorable do Consello Consultivo de Galicia, de data 16.12.04, e de acuerdo co informe-proposta da devandita técnica, do 4.1.05, conformado polo xefe de Réxime Interior, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Desestimar a reclamación de Don Enrique Viñas Romero por non corresponder o Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, por no resultar probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servicio público.

2º.- Comunicar o acordo ao secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e aos efectos do previsto no artigo (33-l-i) do devandito Regulamento.

8(38).- PROPOSTA DE ARRENDAMENTO DO LOCAL MUNICIPAL SITO NA RÚA CARRAL N° 29. EXPTE.17062/240.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 4.01.05, que di o seguinte:

A Xunta Local de Goberno en reunión celebrada o día 22 de novembro de 2004, acordou, arrendar o local de propiedade municipal, situado na rúa nº 29, xunto coas condicións que rexerán dito arrendamento.

Publicado o anuncio no BOP, nº 240 de 15 de decembro de 2004, perante o prazo sinalado para a presentación de ofertas unicamente presentouse a dita negociación D. Emilio A. Soneira Veiga.

A mesa de Contratación do Concello de Vigo procedeu a apertura de dita oferta, na reunión celebrada o 3 de xaneiro de 2005, resultando a mesma admitida.

Vista a oferta presentada, e xa que a mesma cumpre coas condicións que rexeron dita contratación, proponse a Xunta Local de Goberno, a adopción do seguinte ACORDO:

Arrendar o local de propiedade municipal situado na rúa nº29, a D. Emilio Soneira Veiga, polo prezo de 150 euros mensuales e o prazo de 5 anos, podense prorrogar por anualidades, mediante acordo expreso do organo de contratación, ata un máximo de dez anos de duración total do contrato, todo elo, de acordo coas condicións aprobadas pola Xunta Local Goberno na sesión de 22 de novembro de 2004 e a oferta presentada.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

9(39).- INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DE RECUPERACIÓN DE OFICIO DE POSESIÓN DE PROPIEDADE MUNICIPAL SITA NA PARTE TRASEIRA DE PARCELA PERTENECENTE AO EDIFICIO DA AVDA. BALAÍDOS, 63. EXPTE.17125/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 25.10.04, conformado polo xefe de Réxime Interior e o concelleiro de Patrimonio, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Primeiro.- A resolución da Xerencia Municipal de Urbanismo de 1 de xullo de 2004 acorda dar traslado do expte. 44.591-421 ó servizo de Patrimonio a efectos de proceder a iniciación dun procedemento administrativo de recuperación de oficio da propiedade municipal e dunha servidume de paso. Dito traslado ten lugar pola oficina de licencia de obras en data 16 de xullo de 2004.

Segundo.- O mencionado expediente 44.591-421 é relativo a unha licencia outorgada mediante resolución do Vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo de 28 de agosto de 2003, licencia para a construción dun peche de arame e postes na parte traseira da parcela pertenecente á Comunidade de propietarios do edificio sito na Avd. de Balaídos nº 63, con 13,50 m² e con unha altura máxima de 2,00 mts. A licencia foi solicitada por D. José Adel Fraiz Viéitez.

Terceiro.- O peche situase en terreno público e impide o exercicio da servidume de paso existente para o acceso a unha parcela de titularidade municipal, tal como foi constatado polos técnicos municipais en informes obranes no expediente.

FUNDAMENTOS XURIDICOS

Primeiro.- A propiedade municipal trae causa da cesión gratuita ó concello efectuada en escritura pública nº 1663 de data 1 de decembro e 1995, perante o Notario D. José Pedro Riol López, e inscrita a favor do Concello no Rexistro da Propiedade de Vigo, tomo 482, sección 3ª, folio 153, finca 35.762. Na escritura da parcela establecese o destino da mesma: zona verde de uso público.

Segundo.- A existencia dunha servidume de paso a favor da parcela de titularidade municipal recóllese na propia escritura da parcela na que consta que ésta ten “acceso directo desde la Avenida de Balaídos”

Terceiro.- A teor do art. 4.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, corresponde ós municipios a potestade de recuperación de oficio dos seus bens e consonte ó disposto no art. 270 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia e o art. 9 do RD 1372/86, de Bens das Entidades Locais, éstas teñen plena capacidade xurídica para a adquisición e posesión de toda clase de bens e dereitos, así como para o exercicio das accións e os recursos que sean procedentes na defensa do seu patrimonio.

Cuarto.- De acordo coa Lei 33/2003 de Patrimonio das Administracións Públicas (art. 55), as administracións públicas poderán recuperar por sí mesmas a posesión debidamente perdida sobre os bens e dereitos do seu patrimonio, potestade recuperatoria que poderán exercitar en calquier tempo cando se trate de bens de natureza demanial

Quinto.- Consonte o art. 127.e en relación co 127.j da Lei 7/1985, Reguladora de Bases de Réxime Local, correspondelle á Xunta de Goberno Local a xestión, adquisición e enaxenación do seu patrimonio, así como o exercicio das accións administrativas que lle corresponda no ámbito das súas competencias.

Por tódolo anteriormente exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, tralo dictame da Comisión Informativa de Réxime Interior, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Incoar expediente de recuperación de oficio da posesión da propiedade municipal sita na parte traseira da parcela pertenecente á Comunidade de Propietarios do edificio sito na Avd. de Balaídos nº 63, así como para o restablecemento da servidume de paso existente.

2º.- Concederlle a D. José Adel Fraiz Viéitez, con DNI. 35.238.938-V e a D. Diego Martínez Costas, con DNI 36.103.685-X un prazo de 15 días, a contar dende a notificación do presente acordo de incoación co fin de que teñan a vista do expediente e poidan formular as alegacións e presentar a documentación que na defensa dos seus intereses estimen por convenientes.

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(40).- CONCESIÓN AXUDAS POR ESTUDIOS CON CARGO AO FONDO SOCIAL, CURSO 2004-2005, POR IMPORTE DE 92.357,00 €. EXPTE. 15518/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o acordo da Comisión do Fondo de Acción Social de data 20.12.04, o infoemr de Intervención Xeral de 18.01.05 e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal do 11.01.05, conformado polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Autorizar o aboamento das seguintes axudas por estudios do curso 2004-2005 por importe total de 92.357 €. (NOVENTA E DOUS MIL TRESCENTOS CINCUENTA E SETE EUROS), aos seguintes traballadores:

NOME	DNI	GRUPO A		EUROS
		Nº PERSOAL	CLAVE	
BARBARÁ RODRÍGUEZ BEATRIZ	36098427	79572	1*2	100,00 €
CAMBEIRO FUENTES ESTHER	36037461	22533	1 * 2	100,00 €
CARBALLEDA ALONSO FRANCISCO J	36117710	78821	3	95,00 €
DOMINGUEZ GONZALEZ PILAR	36061811	77819	1 *2	100,00 €
ESPIÑO COLLAZO M DOLORES	35257778	18550	2*2	110,00 €
GOMEZ OURO BEATRIZ	36086665	22622	1*2	100,00 €
GONZALEZ CARNERO J RAMON	34249488	77255	2 * 2 *2	165,00 €
GONZALEZ ROCA JESUS S	35920716	22639	3	95,00 €
GONZÁLEZ RODRÍGUEZ JOSÉ	36037457	18939	2*2	110,00 €
LOPEZ PIÑEIRO PILAR	33829412	22332	2 *	55,00 €
MAGDALENA VILA M JESUS	36025359	13161	2*2	110,00 €
MARTIN BARRERAS JACINTO	246236	22450	3	95,00 €
OJEA PEREZ IGNACIO	36046809	77317	2*2	110,00 €
PINTADO GARCIA CARMEN	36024191	15148	2	55,00 €
RAMOS COVELO ALFONSO	52500567	19301	2 *2	110,00 €
RIOBO SANCHEZ MARTA	36081499	76267	1	45,00 €
RODRÍGUEZ FERREIRA ALBINO	36025379	77274	2*2	110,00 €
RODRIGUEZ-CADARSO DE LA PEÑA LUIS	35299727	21605	2	55,00 €
En data 03/12/2004 D. Antonio Chimeno del Campo interpuxo por correo certificado Recurso de Reposición contra o anterior acordo de aprobación definitiva do Proxecto de Compensación. Déuselle traslado dunha copia dese recurso á Xunta de Compensación, que procedeu a impugnalo nun escrito presentado en correos no 27/12/2004.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- O recurso de reposición interposto por D. Antonio Chimeno del Campo contra o acordo de aprobación definitiva do Proxecto de Compensación, fúndase nun único motivo de impugnación. Consiste éste na súa hipotética adhesión á Xunta de Compensación da UA 14 Pedreira mediante escritura outorgada perante o Notario de Vigo D. Mariano Vaqueiro Rumbao en data 26/07/1999, co núm. 1684 do seu protocolo. A tal efecto achega fotocopia de dita escritura. Na súa parte dispositiva consignouse a seguinte reserva:

"Que la adhesión se hace condicionada a que se computen como pertenecientes a esta propiedad los metros del camino al que da frente la finca y que proceden de la misma, así como a que se consideren indemnizables, a favor de los compareciente, el muro, alumbrado, viñedos, árboles y el garaje".

II.- Dos antecedentes obrantes neste expediente, e no expropiatorio por taxación conxunta dos propietarios non incorporados ó polígono (núm. 120/413), constátanse os seguintes feitos probados:

- En data 18/06/1999 requiriúselle a D. Antonio Chimeno del Campo para que se incorporase á Xunta de Compensación previamente constituída. A maiores, e a pesares de non resultar preceptivo, publicouse un anuncio no BOP de Pontevedra núm. 200, do 18/10/1999.

- Sen embargo, no prazo concedido non manifestou a súa adhesión á Xunta de Compensación. Comunicou por primeira vez a súa intención de adherirse mediante escrito do 24/08/2000, manifestamente extemporáneo

A adhesión á Xunta de Compensación constitúe un acto recepticio. Non produce efectos en tanto en canto non se comunique efectivamente á Xunta de Compensación e á Administración actuante. Comunicación que neste caso non tivo lugar ata o día 24/08/2000, cando xa concluíra sobradamente o prazo establecido. Resulta polo tanto de aplicación nesta caso o disposto no entón vixente art. 134.1 Lei 1/1997, do 24 de marzo, do Solo de Galicia, no que se preceptúa que: "(...) transcorrido dito prazo, a incorporación só será posible se non atranca o desenvolvemento do proceso e o aproba a Xunta de Compensación".

Por outra banda, na Escritura presentada polo recorrente pretendíase efectuar unha incorporación condicionada ó recoñecemento de certas titularidades. Ditas condicións non se podían aceptar, polos motivos sinalados pola Xunta de Compensación no seu escrito antes citado, ó pertencerlle ó Concello o camiño lindeiro da finca en cuestión.

Motivos todos polos que debe desestimarse este Recurso de Reposición.

III.- É competente para dicta-lo Acordo que agora se propón a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 116 Lei 30/1992, do 26 de novembro.

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a fin de que, previo dictame do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Desestima-lo recurso de reposición interposto por D. Antonio Chimeno del Campo contra o Acordo da Xunta de Goberno Local de 20/09/2004 de aprobación definitiva do Proxecto de Compensación da UA 17 Pedreira (Oia), polos motivos sinalados na parte expositiva deste Acordo (expte. 4529/401).

SEGUNDO: Notifíquese este Acordo ó recorrente e xunta de compensación, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpor recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

14(44).- DESESTIMENTO DE VISTALMAR GALICIA S.L. NA SÚA SOLICITUDE DE DELIMITACIÓN DUNHA ÁREA DE NORMALIZACIÓN DE FINCAS NA AVDA. DE CASTRELOS 133-135. EXPTE. 4522/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta o informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión, do 7.01.04, que di o seguinte:

En data 16/02/2004 o representante da entidade mercantil "Vistalmar Galicia SL" interpuxo nesta Administración municipal solicitude de tramitación e aprobación dun proxecto de delimitación de área de normalización de fincas na Avda. de Castrelos 133-135. Con ela achegou a pertinente documentación técnica. Dita solicitude foi complementada e rectificada con outra posterior presentada no 02/07/2004, en resposta ós requirimentos municipais de subsanación de deficiencias.

No 08/10/2004 o arquitecto e o técnico de administración xeral municipais emitiron Informe sobre a delimitación proposta. No 02/11/2004 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar inicialmente a delimitación, e abrir un trámite de información pública polo prazo de vinte días hábiles.

Nos días 12/11/2004 e 26/11/2004 o representante da entidade mercantil "Vistalmar Galicia SL" presentou na Xerencia de Urbanismo senllos escritos nos que comunicou a adquisición e agrupación das dúas parcelas incluídas na área de normalización, en virtude de escrituras públicas de permuta e agrupación outorgadas respectivamente en datas 08/11/2004 e 15/11/2004 perante os notarios de Vigo D. Mariano Vaqueiro Rumbao e D. Gerardo García-Boente Sánchez (protocolo núms. 1783 e 2702). Tamén solicitou a finalización e arquivo deste procedemento, unha vez se lle outorgase licenza de obras para edificar na parcela resultante da agrupación.

En data 09/12/2004 o Concelleiro-Delegado de Urbanismo acordou conceder licenza de obras a "Vistalmar Galicia SL" para construír un edificio no lugar de referencia (expte. 47079/421).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

O art. 90.1 Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXA-PAC) dispoña que: "Todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar ós seus dereitos". O art. 91.2 da mesma Lei engade que: "A Administración aceptará de plano o desistimento ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento salvo que, téndose personado no mesmo terceiros interesados instasen a súa continuación no prazo de dez días dende que fose notificado o desistimento". Finalmente, o art. 42.1 LRXA-PAC obriga a resolver expresamente o procedemento sempre, incluso en caso de desistimento.

Non se observa no citado desistimento ningún prexuízo para os intereses xerais, nin para os particulares de terceiros afectados.

É competente para dictar o acordo que agora se propón a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 127 LBRL.

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a fin de que, previo dictame do Consello da Xerencia de Urbanismo, adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Ter por desistida á entidade mercantil "Vistalmar Galicia SL" na súa solicitude de delimitación dunha área de normalización de fincas na Avda. de Castrelos núms. 133-135, declarando concluso o procedemento, co arquivo do expediente (4522/401).

SEGUNDO: Notifíquese este acordo ós interesados, coa advertencia de que contra o mesmo cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo de un mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses. Notifíquese tamén a oficina municipal de licenzas (expte. 47079/421).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(45).- RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN PARA A AMPLIACIÓN DA RÚA TELLERIA EN CASTRELOS. EXPTE. 4472/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión, do 7.01.05, que di o seguinte:

FEITOS

1º.- En data 20/09/2004 a Xunta de Goberno Local acordou:

"PRIMEIRO: Aprobar definitivamente o Proxecto de Urbanización da rúa Telleira (Castrelos) redactado de oficio polos servicios técnicos municipais, cun custe de execución material de 21.758,58 euros (expte. 4472/401).

SEGUNDO: Desestimar as alegacións intepostas durante o trámite de información pública, no senso e polos motivos que se sinalan na parte expositiva deste Acordo.

TERCERO: Que pola Xerencia Municipal de Urbanismo se contraten coa debida celeridade as obras de urbanización de referencia.

CUARTO: Que se impulse a tramitación do expte. 4506/401, a fin de que, se resulta procedente, se lle repercuta o custe destas obras de urbanización á entidade mercantil "Viviendas Castrelos SL" (...)".

2º.- No día 03/12/2004 Dª Olga Pompeya Sobrino Ramilo interpuxo un Recurso de Reposición contra o referido Acordo. Nél esgrimiou como motivos de impugnación os seguintes:

- Omisión dun trámite probatorio durante a tramitación do procedemento administrativo.
- Suposta infracción das aliñacións do vial trazadas no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana do 29/04/1993, en beneficio da parcela da banda contraria da rúa Telleira.
- Innecesariedade de execución da obra de urbanización, polo escaso servizo que presta o vial.

No 05/01/2005 a arquitecta municipal emitiu un Informe acreditativo da correspondencia das aliñacións do Proxecto de Urbanización coas do vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

3º.- Con carácter complementario, sinálase que no día 05/07/2004 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar definitivamente o proxecto de expropiación por taxación conxunta para o ensanche da rúa Telleira (expte. 173/413). Dito Acordo foi confirmado por outro posterior de data 25/10/2004 desestimatorio do Recurso de Reposición interposto por Dª Olga-Pompeya Sobrino Ramilo.

Mediante Oficio do 28/10/2004 (notificado o 03/11/2004) citouse ós expropriados para que comparecesen na Xerencia de Urbanismo no día 10/11/2004 a fin de percibir o prezo xusto expropiatorio pola cantidade de 14.402,39 euros (sen prexuízo e a expensas da futura resolución do Xurado Provincial de Expropiación Forzosa). No día sinalado os expropriados non compareceron, motivo polo cal consignouse o referido importe na Caja General de Depósitos do Ministerio de Hacienda (xustificante: 104351534291A).

Efectuada dita consignación, esta Administración municipal pode xa ocupá-lo terreo expropriado en calquer momento, tal e como dispón o art. 144.2 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- No Recurso de Reposición interposto por D^a Olga-Pompeya Sobrino Ramilo en data 03/12/2004 (doc. 40123733) esgrímense tres motivos de impugnación, sobre os que cabe sinalar o seguinte:

I.1.- Omisión dun trámite probatorio.

Trala aprobación inicial do Proxecto de Urbanización abríuse un trámite de información pública polo prazo de 20 días hábiles (BOP núm. 69, do 13/04/2004 e diario Faro de Vigo do 26/03/2004). En data 20/04/2004 a recorrente, D^a Olga Pompeya Sobrino Ramilo, interpuxo un escrito de alegacións. Nel limitouse a efectuar certas manifestacións en defensa dos seus dereitos, sen solicitar a apertura de trámite probatorio e sen propor a práctica de ningunha proba concreta.

Aínda así, dita alegación foi examinada pormenorizadamente polo enxeñeiro técnico municipal de obras públicas no seu informe do 11/06/2004, obrante no expediente, en senso desestimatorio. Asemade, na parte expositiva do acordo de aprobación definitiva do proxecto fixose referencia expresa a esa alegación e motivouse a súa desestimación (FD "IV.4").

Non concorre polo tanto ningunha irregularidade na tramitación do procedemento de aprobación do Proxecto de Urbanización, que se axustou ó disposto no art. 110.4 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA) e na Lei 30/1992, do 26 de novembro (LRXA-PAC).

I.2.- Correspondencia coas aliñacións trazadas no vixente PXOU-93.

Tal e como se constatou no Acordo de aprobación definitiva do Proxecto de Urbanización, as aliñacións do vial correspóndense coas trazadas directamente no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana. O seu replanteo a unha escala máis precisa non só non prexudicou á recorrente, senón que polo contrario resultoulle beneficiosa. Así se accredita, ademáis de no propio proxecto técnico, nos seguintes Informes:

- Informe do enxeñeiro técnico municipal de obras públicas do 11/06/2004 obrante no expte. (fols. 222-223).
- Informe do mesmo enxeñeiro, de data 05/10/2004 unido ó expte. expropiatorio da rúa Telleira (núm. 173/413).
- Informe do arquitecto municipal de 05/01/2005, que se transcribe a continuación:

"Procédese á comprobación da correspondencia das aliñacións do Proxecto de Urbanización coas trazadas no vixente Plan Xeral, constatando o seguinte:

- Tomando como referencia o plano correspondente do Plan Xeral vixente no que se reflicte a edificación construída no terreo propiedade da recorrente, D^a Olga-Pompeya Sobrino Ramilo, constituída por unha vivenda unifamiliar de planta baixa, comprobase a distancia entre a fachada lateral da edificación e a aliñación proposta polo Plan Xeral, e a distancia resultante da medición directa no plano resulta aproximadamente de 2,10 m.
- Si facemos a mesma comprobación nos planos correspondentes do Proxecto de Urbanización obxecto do recurso, e tomamos como referencia o mesmo cerramento lateral da vivenda unifamiliar e a aliñación proposta no Proxecto, pode medirse e comprobarse que a distancia é superior á que se reflicte no Plan Xeral, sendo en este caso a distancia de 2,90 m, más beneficiosa á expropiada.
- Facemos unha terceira comprobación, tendo como referencia a nova cartografía de Vigo na que o edificio nº246 da Avda de Castrelos está perfectamente debuxado tal e como está na actualidade. Se facemos unha liña paralela ó lateral da dita edificación na parte que da fronte á Rúa Telleira, con unha distancia de 12 m que

sería ó ancho da rúa Telleira, e comprobamos a distancia entre esta liña e o cerramento da vivenda unifamiliar propiedade da demandante, podemos constatar que a distancia é a mesma que a que se contempla no Proxecto de Urbanización, o sea 2,90 m.

Por todo o exposto pode concluirse que na aliñación dada en su día, polos servizos municipais ós propietarios do solar do nº246 (que é a liña na que se sitúa a edificación na actualidade) adoptouse o criterio de prexudicar na menor medida posible á propiedade na que se sitúa a vivenda unifamiliar propiedade da recorrente Dª Olga-Pompeya Sobrino Ramilo, a costa de desprazar lxeiramente o vial cara o edificio do nº246 da Avda de Castrelos, sendo esta liña a que se mantén no Proxecto de Urbanización".

Así mesmo, nos exptes. núms. 28825/421 e 34436/421, sobre licenzas de obras e primeira ocupación do edificio núm. 246 da Avda. de Castrelos (antes 244), acredítase a correspondencia da nova edificación coa aliñación do Plan Xeral, ténense outorgado acta de liña e rasante. Os propietarios desa parcela cederon ó Concello a superficie afectada polo ensanche da rúa Telleira en virtude de Escritura Pública de Segregación e Cesión outorgada no 31/03/1999 perante o Notario de Vigo D. José Pedro Riol López, co núm. 3.795 do seu protocolo. Por outra banda, as licenzas de obras e primeira ocupación outorgáronse en datas respectivas 04/04/1997 e 28/10/1999. Constitúen actos firmes e consentidos pola recorrente.

I.3.- Oportunidade da execución desta obra de ensanche do vial.

A ampliación da rúa Telleira prevese expresamente no vixente PXOU-93, no que se trazaron as súas aliñacións nunha área de solo urbano consolidado. O Proxecto de Urbanización non só resulta lexitimado por esa disposición do Plan Xeral, senón obrigado, de conformidade co disposto nos arts. 97 e ss., 109, 110 e 167 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA). Con independencia delo, os problemas de circulación xerados pola estreita embocadura da rúa Telleira coa Avda. de Castrelos resultan evidentes e foron denunciados en reiteradas ocasións non só polos veciños do lugar, senón incluso polo valedor do ciudadán.

Motivos éstes polos que se debe desestimar o referido recurso de reposición.

II.- É competente para dicta-lo Acordo que agora se propón a Xunta de Goberno Local, tal e como preceptúa o art. 116 Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a fin de que, previo dictame do Consello da Xerencia de Urbanismo adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Desestima-lo Recurso de Reposición interposto por Dª Olga-Pompeya Sobrino Ramilo contra o Acordo da Xunta de Goberno Local de data 20 de setembro de 2004 de aprobación definitiva do Proxecto de Urbanización da rúa Telleira (Castrelos), polos motivos que se sinalan na parte expositiva deste Acordo (expte. 4472/401).

SEGUNDO: Notifíquesele o contido íntegro deste Acordo á recorrente, coa advertencia de que contra o mesmo cabe interpór recurso contencioso-administrativo no Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses. Notifíquesele tamén á oficina de "Servizos Centrais" da Xerencia de Urbanismo para que tramite a contratación das obras de urbanización.

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(46).- DEVOLUCIÓN FIANZA A FERRETERÍA POMBO CONSTITUÍDA PARA RESPONDER DA SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL DE FERRETERÍA. EXPTE.43493/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe Admimitrativo de Vías e Obras, do 12.01.05, conformado polo concelleiro delegado de Vías e Obras, que di o seguinte:

Con data 18 de abril de 2002, principiouuse a tramitación para a contratación por concurso de subministración de material de ferretería, con número de expediente 35103-250.02 e por un importe de 60.000 €, cun acordo de adxudicación da Comisión de Goberno de data 09-09-2002, depositando o adxudicatario FERRETERÍA POMBO, S.A. en función do Prego de Condicións administrativas claúsula - XV GARANTIAS, unha fianza de 2.400 euros con data: 27-09-2002 e número de operación 200200041882.

Solicitada a devolución da fianza, con documento de entrada no Rexistro Xeral número 40131760 de 28-12-2004. Remítese o Parque Central - Taller de Vías e Obras para informe.

O Enxeñeiro Técnico de Vías e Obras (Encargado Xeral do Taller de Vías e Obras DO Parque Central), indica con data 04 de xaneiro de 2005 que “segundo consta nos arquivos do almacén de Vías e Obras, a Empresa Ferretería Pombo, S.A., efectuou a totalidade do subministro de ferretería de 2002-2003 contemplados no expediente 35103/250”.

Polo que se PROPON:

Proceder á devolución da fianza de (2.400 euros – dos mil cuatrocientos euros), a favor de FERRETERÍA POMBO, S.A.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

17(47).- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS.

Examinados os xustificantes de libramento remitidos por Intervención Xeral, a Xunta de Goberno local aproba a seguinte relación dos mesmos:

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINT.	S/FAVOR
ALONSO FERRAGUD SANTIAGO	0456309	5.000,00	2.390,56	2.609,44	
“	0452718	2.000,00	1.719,12	280,88	
COMESAÑA ALEN JUAN RAMON	0453347	31,96	31,96		
COSTAS FERNANDEZ BASILIO	0435479	180,30	179,25	1,05	
DIAZ DE BUSTAMANTE Mª PILAR	0460938	5.742,00	5.742,00		
“	0452834	1.500,00	1.460,78	39,22	
“	0457923	1.500,00	1.386,93	113,07	

“	0446884	3.606,06	1.803,03	1.803,03	
“	0451368	546,73	471,34	75,42	
DOMINGUEZ GONZALEZ PILAR	0447847	1.200,00	745,27	354,73	
ESPADA RECAREY LUIS	0453335	300,00	300,00		
“	0449662	500,00	522,35		22,35
“	0449666	500,00	456,02	43,98	
“	0449679	500,00	392,26	107,74	
“	0458755	10.369,42	10.369,42		
“	0453328	8.233,80	8.233,80		
EXPOSITO OLALLA ISABEL	0453481	600,00	540,00	60,00	
“	0453482	425,00	291,52	133,48	
“	0453483	202,54	202,54		
GOMEZ OURO BEATRIZ	0450888	1.671,60	784,37	923,33	
GONZALEZ DOMINGUEZ LUZ MARIA	0462163	43.650,00	43.650,00		
“	0459356	8.870,80	8.870,80		
GONZALEZ RODRIGUEZ JOSE	0453475	540,00	540,00		
“	0453477	268,35	268,35		
“	0453476	425,00	307,47	117,53	
NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINT.	S/FAVOR
GUARNER GONZALEZ BERTA	0460292	608,05	608,05		
GUTIERREZ ORUE FRANCISCO JAV.	0453934	514,24	410,41	103,83	
“	0453936	113,89	113,89		
“	0462304	600,00	600,00		
LOPEZ CUESTA ISABEL	0452717	25.000,00	24.537,50	462,50	
LOPEZ MOURE JESUS	0460932	32.422,00	32.422,00		
“	0460928	41.933,31	41.933,31		
LOPEZ PIÑEIRO PILAR	0453354	4.230,00	4.230,00		
NOVOA SEIJO DE MANUEL VICENTE	0459355	13,50	13,50		
OJEA PEREZ RAFAEL	0437056	2.590,86	2.540,84	50,02	
“	0436920	933,00	605,82	327,18	
“	0443583	300,00	211,50	88,50	
“	0461613	92,02	92,02		
OLIVEIRA LOPEZ IGNACIO	0446367	575.742,51	575.742,51		
“	0457963	12.000,00	12.000,00		
“	0457788	700,00	600,00	100,00	
“	0460934	1.000,00	815,10	184,90	
“	0460935	2.800,00	2.716,99	83,01	
OTERO BARBERENA HENRIQUE	0454992	800,00	800,00		
RODRIGUEZ SOTELINO ROSA MARIA	0457781	20,00	20,00		
SANROMAN VAREAL MARIA JESUS	0439498	106.479,26	105.768,00	981,26	
SOTELO RODRIGUEZ JOSE ANTONIO	0445022	500,00	69,60	430,40	
“	0439677	3.000,00	2.981,55	18,45	
SOUTO GONZALEZ MARTA	0462307	464,11	464,11		

“	0460936	350,00	340,53	9,47	
VAQUEIRO HERBELLO M ^a TERESA	0442802	450,76	378,69	72,07	
VIEITES ALEN DOLORES	0453479	425,00	295,34	129,66	
“	0453480	268,35	268,35		
“	0453478	540,00	540,00		
VIEITES ALEN JOSE MANUEL	0443252	6.000,00	5.383,05	616,95	
TOTAL			909.161,80		

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

18(48).- PROXECTO DE URBANIZACIÓN DE ENLACE DAS RÚAS REDOMEIRA E 1^a TRAVESÍA PADRE CELSO. PROPOSTA DESESTIMATORIA DE APROBACIÓN INICIAL. EXPTE. 4470/401.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarala urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión, do 28.10.04, conformado polo xerente da Xerencia de Urbanismo, que di o seguinte:

I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. En data 02.10.2003, a entidade «Desarrollos DAMABE, S.L.» presentou no Rexistro xeral da XMU (nº rxtro. 30083813) o «Proxecto de urbanización de enlace de las calles Redomeira y 1^a Travesía Padre Celso-Vigo», redactado polo enxeñeiro de CC.CC. e PP D. Alberto Moreno García, con planos visados de datas 29.09.2003 e 17.11.2003.

I.2. No expediente administrativo de referencia consta a emisión de informes técnicos polos servicios municipais de electromecánicos (04.11.2003 e 03.12.2003) e Montes, Parques e Xardíns (15.12.2003) así como a documentación reformada presentada polo técnico facultativo en cumprimento das observacións contidas neses informes.

I.3. Tamén consta o informe do enxeñeiro técnico de OO.PP. da Oficina de Planeamento-Xestión, de data 19.01.2004, conformado polo enxeñeiro-xefe de Vías e Obras, no que entre outras cousas se afirma que: «El proyecto consiste en la apertura de la calle que conecta la de Redomeira con la 1^a Travesía del Padre Celso, y del tramo de nueva planta de esta última que enlaza con el existente. Paralelamente se urbaniza también una pequeña zona verde señalada como tal por el PGOU. Las calles contienen los servicios urbanísticos habituales, y la zona

verde se ordena manteniendo el lavadero existente».

I.4. O 01.10.2004, o sr. Xerente da XMU solicita do enxeñeiro técnico de OO.PP. da Oficina de Planeamento-Xestión a emisión de informe sobre a entidade das obras obxecto de proxecto de referencia «e se á vista destas e das condicións urbanísticas das fincas colindantes o devandito solo debe ser considerado como consolidado ou ben non consolidado». Tal informe emítese o 07.10.2004 co seguinte contido:

«1º.- El alcance de las obras recogidas en este documento, es el que corresponde a la apertura y urbanización de un nuevo vial, y de una nueva zona verde colindante con esa calle, ambos recogidos en el vigente PGOU».

«2º.- El Proyecto se hace necesario para definir las obras, que correspondería a la urbanización de los terrenos de cesión ante la posible solicitud de una licencia de edificación en la finca matriz en donde se incluyen».

«3º.- La finca matriz a la que pertenecen estos terrenos, puede resolver sus accesos desde la calle Redomeira, cuya regularización y urbanización conforme al Plan está contenida en su correspondiente Proyecto de Urbanización aprobado definitivamente (Exp-4412/401) el 26/09/02 por el Consejo de la Gerencia Municipal de Urbanismo».

I.5. O 22.10.2004 remítense o expediente xunto co proxecto de urbanización ó técnico que abajo asina, para que se emita o informe-proposta que en Dereito proceda.

II. NORMATIVA EXAMINADA

- LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).
- LRSV (L.6/1998, do 13 de abril, sobre Réxime do solo e Valoracións).
- RPU (RD.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento Urbanístico).
- PXOU-93 (Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo; A.D. Consello da Xunta 29.04.2003; DOG 10.05.1993; normas urbanísticas, BOP nº 133, 14.07.1993).
- LMMGL (L.57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno local).
-

III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. Vistos os antecedentes e conforme coa normativa examinada, o «Proxecto de urbanización de enlace de las calles Redomeira y 1ª Travesía Padre Celso-Vigo» presentado por «Desarrollos DAMABE, S.L.» non pode ser obxecto de aprobación municipal, porque o solo que abrangue non ten a consideración de Solo Urbano Consolidado (SUC) senón a de Solo Urbano Non Consolidado (SUNC), precisado dunha actuación sistemática.

III.2. Tal afirmación sostéñese nos seguintes argumentos principais:

a) O 18.01.2000, o arquitecto-xefe da Oficina de Planeamento-Xestión informara xa, en relación cunha consulta relativa ás condicións de edificación nese mesmo ámbito, substancializada no expediente nº 5575/411 e da que se deu conta no Consello de Xerencia da XMU do 17.02.2000, o seguinte:

- «1% Os terreos obxecto de consulta deben considerarse como solo urbano non consolidado, xa que deben ser incluidos nun polígono para ser obxecto de execución integral, comprensiva de cesión de terreos, equidistribución de beneficios e cargas e urbanización.
- 2% O procedemento de delimitación dun polígono ven regulado no artigo 121 da Lei 1/97, de 24 de marzo, do solo de Galicia, e podería ser solicitado polos particulares.

- 3º A Administración deberá determinar, de acordo co artigo 125 da mesma lei, o sistema de actuación polo que se desenvolverá o polígono, dándolle preferencia ós sistemas de compensación e cooperación...».
- b) As anteriores conclusións, suficientemente expresivas -ó xuízo do que subscribe- da real consideración urbanística dos terreos en cuestión, non poden ser desvirtuadas nin con base no informe do técnico de Admón. xeral ó recurso de reposición presentado no seu día pola sociedade mercantil «Riazón, S.L.» contra o acordo de aprobación definitiva do Proxecto de urbanización da rúa Redomeira (exp. nº 4412/401); informe no que só se contén unha referencia xenérica ós inmobles con fronte á rúa Redomeira como incluíbles na categoría de SUC, pero sen ningunha especial consideración dos terreos concretos obxecto da pretendida actuación urbanizadora de «Desarrollos DAMABE, S.L.», nin con base no informe do enxeñeiro técnico de OO.PP. do 07.10.2004, antes parcialmente transcrto, no que tampouco non se contén ningún pronunciamento expreso que contradiga o informado previamente polo arquitecto-xefe de planeamento, á marxe da indicación de que o predio matriz pode resolver os seus accesos desde a rúa Redomeira.
- c) O artigo 12.b] da LOUGA dispón que o SUNC estará integrado, en todo caso, polos terreos nos que sexan necesarios procesos de urbanización, reforma interior, renovación urbana ou obtención de dotacións urbanísticas con distribución equitativa de beneficios e cargas, por aqueles sobre os que o planeamento urbanístico prevea unha ordenación substancialmente diferente da realmente existente, así como polas áreas de recente urbanización xurdida á marxe do planeamento.

É dicir que no SUNC se inclúen, polo que aquí interesa, tanto os terreos pertencentes ó solo urbano que non contan cun grao de urbanización que faga factible decidir a súa consolidación como por aqueles que, aínda contando con tal grao de urbanización, o planeamento non o asuma e os someta a un novo proceso de urbanización integral ou sistemática (Parejo, 2001).

- d) Resulta incuestionable que no presente caso é necesaria a execución de obras integrais de urbanización, características do SUNC, e non de simples obras ailladas, «accesorias e de escasa entidade» (Art. 12.a] LOUGA) esixibles para que as porcións de SUC que aínda non acadaran a condición de soar (cuasi-soares) poidan facelo a través dunha actuación asistemática.

En efecto, de acordo coas previsións do vixente PXOU-93 estes terreos están afectados pola apertura dun novo vial en dirección Leste-Oeste ["Calle A" do Proxecto], de 12 m. de largo e uns 60 m. (aprox.) de longo, que conectaría a rúa Redomeira coa 1ª Travesía da rúa Padre Celso e outro ("Calle B" do Proxecto), polo límite Leste, en dirección Norde-Sur, de 14 m. de largo e uns 86 de lonxitude, tramo de nova planta dessa 1ª Travesía que enlazaría co existente. Ademais, no ámbito inclúese unha zona cualificada como zona verde (Ordenanza 3.1.A) que debería ser obxecto de cesión ó Concello e, loxicamente, de equidistribución da carga que representa entre a propiedade.

Así pois, o proxecto presentado pola mercantil non podía limitarse a prever a execución de elementos parciais da urbanización (como si se tratase de SUC), articulado por hipótese a través dun mero proxecto de obras ordinarias (Art. 67.3 RPU), senón que integra realmente unha urbanización subsumible no concepto de proxecto de urbanización (Arts. 67-70 RPU e 110 LOUGA), que abrangue, segundo a Memoria do proxecto (p.1) a execución de obras de explanación e pavimentado, rede de sumidoiros, rede de abastecemento de auga, rede de alumeadoo público, rede de media e baixa tensión, rede de comunicacións, rede de gas e xardinería; isto é, todas as que regulamentariamente caracterizan ós proxectos de urbanización.

- e) A posibilidade de que o predio matriz poida resolver os seus accesos desde a rúa Redomeira ou, en xeral, o feito de que poida contar cos servicios urbanísticos básicos (Arts. 8 LRSV e 11 LOUGA) non prexulga a categorización dese solo como consolidado, senón simplemente a súa clasificación como urbano (cuestión esta última que non é obxecto de discusión), pois resulta incontrovertido que todo solo urbano, consolidado ou non, para poder ser clasificado como tal debe dispoñer de acceso rodado público e dos servicios de abastecemento de auga, evacuación de augas residuais e subministro de enerxía eléctrica que son os mínimos esixibles para todo o solo urbano, mesmo para o SUNC.
- f) A maiores, o PXOM actualmente en fase de redacción confirmaría que non estamos diante dun SUC, xa que inclúe os terreos do ámbito parte en SUNC -APR-5-52 Padre Celso- e parte en solo urbanizable -S-05-R Orxa- (plano 7-0, 1:2.000; plano 6, 1:5.000).

IV. PROPOSTA

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local (Art. 127.1.d] LMMGL) a adopción do seguinte, acordo:

PRIMEIRO: A teor do informe transcrto na parte expositiva deste acordo, non prestar aprobación inicial ó «Proyecto de urbanización de enlace de las calles Redomeira y 1ª Travesía Padre Celso-Vigo», presentado o 02.10.2003 no Rexistro xeral da XMU pola sociedade mercantil «Desarrollos DAMABE, S.L.» e redactado polo enxeñeiro de CC.CC. e PP D. Alberto Moreno García, considerando que o ámbito ó que se refire debería ser obxecto dunha actuación integral ou sistemática.

SEGUNDO: Notificar este acordo ós interesados na forma prevista legalmente (Arts. 58-59 LRX-PAC) con indicación dos recursos que contra el procedan, dando tamén traslado de copia do mesmo á Oficina de licencias da Xerencia».

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(49).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e vinte e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARÍA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molares Perez